

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: establecemento dos servizos mínimos con motivo da folga convocada para os días 23 de outubro e 4 de novembro de 2025.

Antecedentes.-

Mediante correo electrónico enviado pola Fegamp na data do 21 de outubro de 2025, douse traslado, a petición da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, da comunicación recibida respecto da convocatoria de folga no ámbito do convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia, achegada pola Federación de CIG-Servizos da Confederación Intersindical Galega (CIG), que terá lugar os días 23 de outubro e 4 de novembro de 2025, dende as 00:00 horas ata as 23:59 horas dos días convocados.

Consta informe emitido pola traballadora social de data 22 de outubro de 2025, en relación ao establecemento dos servizos mínimos á comunidade durante a folga convocada, que dí o seguinte:

"INFORME SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Emitido por: Sandra Abeijón Romero, Traballadora Social co nº de Colexiada 1064 e coordinadora da dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Vimianzo

Asunto: Servizos mínimos fronte á folga dos días 22 de outubro e 3 de novembro de 2025 do persoal do Servizo de Axuda no Fogar

A FEGAMP deu traslado, o día 21 de outubro de 2025 a través do correo electrónico e a petición da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da comunicación recibida respecto da convocatoria de folga no ámbito do Convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia, achegada pola Federación de CIG-Servizos da Confederación Intersindical Galega (CIG), que terá lugar desde as **22 horas do día 22 de outubro ata as 22 horas do día 23 de outubro e dende as 22 horas do día 3 de novembro ata as 22 horas do día 4 de novembro de 2025**

Na comunicación efectuada infórmase de que a folga terá efecto dende as 22:00 horas do día 22 de outubro ata as 22:00 horas do día 23 de outubro e dende as 22 horas do día 3 de novembro ata as 22 horas do día 4 de novembro de 2025 e que afecta a todas as persoas traballadoras das empresas que exerzan a súa actividade nos Servizos de Axuda no Fogar, público ou privado, de todos os concellos de Galicia.

O artigo 11.1.f) da **Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia** establece:

"Artigo 11. Funcións dos servizos sociais comunitarios básicos.

Son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos as seguintes:

f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación."

Pola súa parte, o artigo 60.1.a) do mesmo texto legal dispón:

"Corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:
a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos."

O Servizo de Axuda no Fogar é de titularidade pública, e a súa organización é competencia das Corporacións Locais de Galicia, que poden xestionalo de forma directa ou indirecta ao amparo da **Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)**, e da **Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)**, nas que a prestación dos servizos sociais se inclúe dentro das competencias propias dos municipios, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

A Lei 13/2008 establece tamén nos artigos 18 e 20 que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo esencial dentro do catálogo de prestacións dos servizos sociais, resultando primordial definir uns servizos mínimos ante unha folga, que permitan equilibrar o exercicio do dereito de folga coa protección dos dereitos legalmente recoñecidos das persoas usuarias.

En materia de determinación de servizos mínimos, existe abundante xurisprudencia. A Sentenza 207/2022 da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco determina:

“Establécense os seguintes servizos mínimos:

- 1.1. Realizaranse os servizos de almorzo, comida e cea, empregando o menor tempo posible e recorrendo, na medida do posible, a alimentos precociñados ou de previa preparación.
- 1.2. Realizaranse os servizos de hixiene persoal diaria, uso de WC, eliminación vesical e intestinal, axuda para erguerse e deitarse, vestirse, supervisión da toma de medicación e de alimentos.

En consecuencia, e dada a obriga da Administración de velar polo funcionamento dos servizos esenciais, sendo o Servizo de Axuda no Fogar un servizo esencial cuxa paralización podería afectar gravemente ao benestar das persoas usuarias, a súa falta de prestación chocaría cos dereitos destas persoas.

Por iso, o Concello de Vimianzo debe garantir os servizos esenciais mediante a fixación de servizos mínimos, en base á lexislación aplicable e ao carácter puntual da folga convocada para os días 23 de outubro e 4 de novembro de 2025.

PROPONSE:

Que os servizos mínimos se establezan atendendo á situación e circunstancias das persoas usuarias do SAF, especialmente a súa vulnerabilidade. Para a cobertura mínima durante a folga, deberán priorizarse as funcións directamente relacionadas coa atención persoal nas actividades básicas da vida diaria, de acordo co recollido no artigo 23.a) da **Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia tanto para as persoas usuarias na modalidade de dependencia como de libre concorrencia.**”

Fundamentos xurídicos.

O artigo 28.2 da Constitución Española reconece o dereito a folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, sinalando, asimesmo, que *“a lei que regule o exercicio deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais da comunidade”*.

En desenvolvemento do citado artigo ditouse o Real Decreto-Lei 17/1977, do 4 de marzo sobre relacións de traballo que no seu artigo 10.2 establece: *“cando a folga se declare en empresa encargada da prestación de calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade, a autoridade gubernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos”*.

Resulta preciso que se estableza un xusto equilibrio entre o exercicio do dereito de folga e a protección doutros bens e dereitos constitucionalmente protexidos, entre os que se atopa o dereito á protección da saúde e a obriga que teñen os poderes públicos de

promover o benestar das persoas con discapacidade, maiores e menores mediante un sistema de servizos sociais, tal como establécese, respectivamente, nos artigos 43, 49 e 50 da Constitución española e dentro do ámbito competencial recoñecido aos Concellos sobre os servizos comunitarios básicos e a xestión do servizo de axuda no fogar por parte dos artigos 10 e 11 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

Na determinación dos servizos mínimos debe manexarse un criterio restritivo acorde cos pronunciamentos xurisprudenciais sobre a interpretación que debe darse á limitación do dereito á folga en relación co dereito á saúde e á vida, cumprindo, en consecuencia, co principio de razoable proporcionalidade entre os sacrificios que han de padecer as persoas usuarias ou destinatarias dos devanditos servizos esenciais e os que se impoñen aos folguistas, de tal maneira que a perturbación do interese das persoas usuarias pola folga debe selo só ata extremos razoables.

Considerando a atribución concedida á Alcaldía polo artigo 21.1. s) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Determinar que os servizos mínimos respecto ao persoal que presta o servizo de axuda no fogar durante a folga convocada son os seguintes:

Que os servizos mínimos se establezan atendendo á situación e circunstancias das persoas usuarias do SAF, especialmente a súa vulnerabilidade. Para a cobertura mínima durante a folga, deberán priorizarse as funcións directamente relacionadas coa atención persoal nas actividades básicas da vida diaria, de acordo co recollido no artigo 23.a) da **Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia tanto para as persoas usuarias na modalidade de dependencia como de libre concorrencia.**

SEGUNDO.- Dar traslado desta Resolución ao Comité de Folga (se o houbera) e á empresa que presta o servizo de axuda no fogar neste Concello que deberá velar pola súa observancia designando ao persoal necesario para prestar os servizos mínimos que se establecen.

TERCEIRO.- Publicar esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento de todo o persoal e dos cidadáns en xeral

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral, dou fe.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(Documento asinado dixitalmente)

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juíz